



**FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)**

**EXPDTE:2024/ C003/000005**

Formalizado de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/> ) e considerándose como lugar de sinatura aos efectos oportunos o Concello de Oroso e como data de sinatura a realizada de forma electrónica en último termo.

**COMPARECEN DE XEITO ELECTRÓNICO:**

Por unha banda, D. ALEXANDER DOVAL EXPÓSITO na súa calidade de Alcalde-Presidente que actúa en nome e representación do Concello de Oroso, asistido pola secretaria en funcións do Concello D<sup>a</sup> Ana María Liñares Castro. que asina de xeito electrónico aos únicos efectos de dar fe da firma electrónica do presente contrato.

Por outra banda, Don ÓSCAR VILLARINO CASAL con D.N.I. 44.472.843C con domicilio en Rúa Camiño da Cima, nº 24 baixo en Ourense actuando en representación da empresa MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.. con CIF A32118705 e domicilio en Rúa Camiño da Cima, nº 24 baixo en Ourense.

Ambas partes comparecen de xeito electrónico identificándose a través da correspondente firma electrónica.

**ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

1º Resolución da Alcaldía nº 872/2024 do 25/06/2024 pola que se procede á aprobación do expediente de contratación da obra de “**MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)(EXPDTE:2024/ C003/000005)** .e a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación.

2º Resolución da Alcaldía nº 1213/2024 do 03.09.2024 pola que se procede á adxudicación do contrato de **MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO) (EXPDTE:2024/ C003/000005)** e compromiso de gasto por importe de **122.683,83 euros** euros con cargo á partida 1532.619.00 (proxecto 2024/2/MPE/1) do vixente orzamento municipal.

**CLÁUSULAS DO CONTRATO:**

**PRIMEIRA.-** Don ÓSCAR VILLARINO CASAL na representación que ostenta, comprométese a executar o contrato de **MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA**

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | [info@concelloroso.com](mailto:info@concelloroso.com)

[www.orosos.es](http://www.orosos.es) | [www.concelloroso.com](http://www.concelloroso.com)



**MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO) (EXPDTE:2024/ C003/000005)** suxeitándose estritamente, ó proxecto, ós pregos de prescricións administrativas e técnicas, documentos contractuais que acepta plenamente así coma á oferta presentada, someténdose para todo o que non estea establecidos nestes á lexislación de contratos do sector público.

**SEGUNDA.-** O prezo do contrato derivada da oferta presentada é de 101.391,60 euros máis 21.292,24 euros de IVE o que fai un total de **122.683,83 euros** e cun prazo de garantía de 12 meses máis respecto do mínimo dun ano( **2 anos**).

**TERCEIRA.-** O prazo de execución do contrato será de 2 meses, contado a partir do día seguinte ao da firma da Acta de Comprobación do Reformulo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

**CUARTA.-** Para responder do cumprimento deste contrato constituse prol deste Concello garantía definitiva por un importe equivalente ao 5 % do prezo final ofertado (IVE excluído), de conformidade co previsto no artigo 108.2 da lei de contratos do sector público por importe 5.069,58 euros.

E para debida constancia de todo o convido asínase de xeito electrónico este contrato no lugar e data do encabezado, a un só efecto, de todo o que eu secretaria en funcións dou fe.

O alcalde -presidente

O contratista

Alexander Doval Expósito

Óscar Villarino Casal

A secretaria en funcións

Ana María Liñares Castro